



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 20 de abril de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa de peche de infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica. (Expediente IN407A 2019-01ATP)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa de peche de infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "DESMONTAJE DEL C.S. DOMPIÑOR."
- Situación: concello de Ribadeo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20192871 en data 24 de outubro de 2019.
- Finalidade da instalación: Peche de instalacións.
- Presuposto: 1.694,07 €
- Documentación complementaria:

Separata para o Concello de Ribadeo.

1. Normativa de aplicación:

- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE nº 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09 (BOE nº 68, do 18 de marzo).
- Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23 (BOE nº 139, do 9 de xuño).
- Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, da Xefatura do Estado, de avaliación ambiental (BOE nº 296, do 11 de decembro).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19 de marzo).
- Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 22, do 1 de febreiro).

2. As características máis significativas das instalacións recollidas no proxecto técnico denominado DESMONTAJE DEL C.S. DOMPIÑOR, obxecto da solicitude de outorgamento da autorización administrativa previa de peche, son:

Desconexión e desmontaxe do CS Dompíñor (Autorizado co n.º de Expte: 6936-AT) composto por un edificio prefabricado tipo PFU-4 o cal ten unha cela de liña e unha de interruptor automático.

3. O artigo 39 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, dispón que o peche definitivo de instalacións de distribución estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 precisando, polo tanto, autorización administrativa previa.

4. O procedemento de tramitación da solicitude de autorización administrativa previa para o peche definitivo dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica axustarase ao disposto no capítulo IV do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

5. En virtude do Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalación eléctrica que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Industria, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo é o órgano competente para outorgar a autorización administrativa previa de peche definitivo das instalacións de distribución de enerxía eléctrica cando o seu aproveitamento afecte só a Comunidade Autónoma de Galicia e a súa tensión de servizo sexa inferior a 132 kV.

6. No expediente consta un informe favorable dos servizos técnicos desta xefatura territorial.

De acordo con todo o indicado e de conformidade co título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, propoño:

Conceder a autorización administrativa previa de peche definitivo das instalacións pertencentes á rede de distribución de enerxía eléctrica de BEGASA de características enriba descritas e que se atopan recollidas no proxecto denominado DESMONTAJE DEL C.S. DOMPIÑOR, coas seguintes consideracións:

- De conformidade co establecido no artigo 138 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o peche definitivo de instalacións solicitado por BEGASA implicará o seu desmantelamento e, considerando a planificación proposta, disporá para a súa execución do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción da presente resolución.

- De conformidade co artigo 155 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o desmantelamento de instalacións de distribución de enerxía eléctrica comporta a extinción da servidume de paso de enerxía eléctrica, de tal xeito que BEGASA deberá comunicar esta circunstancia aos afectados pola dita servidume, se os houber.

- Tal e como dispón o artigo 139 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o remate das operacións recollidas no protocolo de desconexión e desmantelamento do CS Dompíñor debe ser comunicado a esta xefatura territorial solicitando a preceptiva acta de peche de instalacións, e xuntarse á dita solicitude o certificado do director de obra en que se garantirá o cumprimento das especificacións do proxecto e prescricións complementarias, se as houber, así como da regulamentación e normas que sexan de aplicación como é a do tratamento dos residuos que se poidan xerar.

- Obtida a acta de peche das instalacións, BEGASA ten a obriga de comunicalo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tal e como dispón o artigo 31 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

- En cumprimento do establecido no artigo 138.3, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, a resolución deberá ser publicada no DOG e no BOP.

- A presente autorización outórgase sen prexuízo doutras que fosen de aplicación segundo a lexislación vixente, en especial as relativas á ordenación do territorio e o ambiente.

Contra esta resolución que non é definitiva en vía administrativa poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ante o vicepresidente segundo e concelleiro de Economía, Empresa e Innovación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da citada Lei 39/2015, sen prexuízo de que os interesados poidan promover calquera outra acción que consideren pertinente para a defensa dos seus intereses.

Lugo, 20 de abril de 2020.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1121

Anuncio

Resolución do 20 de abril de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa de peche de infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica. (Expediente IN407A 2019-02ATP)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa de peche de infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: “DESMONTAJE DEL C.T 2111 NOIS.”
- Situación: concello de Foz
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20193301 en data 29 de novembro de 2019.
- Finalidade da instalación: Peche de instalacións.
- Presuposto: 6.195,27 €
- Documentación complementaria:

Separata para o Concello de Foz

Separata para ADIF.

1. Normativa de aplicación:

- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE nº 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09 (BOE nº 68, do 18 de marzo).
- Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23 (BOE nº 139, do 9 de xuño).
- Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, da Xefatura do Estado, de avaliación ambiental (BOE nº 296, do 11 de decembro).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19 de marzo).
- Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 22, do 1 de febreiro).

2. As características máis significativas das instalacións recollidas no proxecto técnico denominado DESMONTAJE DEL C.T 2111 NOIS obxecto da solicitude de outorgamento da autorización administrativa previa de peche, son:

Desconexión e desmontaxe do CT non prefabricado 2111 Nois composto por un edificio de caseta non prefabricada o cal consta dun transformador de 160kVA, tres cadros de baixa tensión e dous telexestores, desmontase tamén a acometida aérea a soterrada ubicada no apoio 1A02110 e o XS.

3. O artigo 39 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, dispón que o peche definitivo de instalacións de distribución estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 precisando, polo tanto, autorización administrativa previa.

4. O procedemento de tramitación da solicitude de autorización administrativa previa para o peche definitivo dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica axustarase ao disposto no capítulo IV do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

5. En virtude do Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalación eléctrica que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Industria, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo é o órgano competente para outorgar a autorización administrativa previa de peche definitivo das instalacións de distribución de enerxía eléctrica cando o seu aproveitamento afecte só a Comunidade Autónoma de Galicia e a súa tensión de servizo sexa inferior a 132 kV.

6. No expediente consta un informe favorable dos servizos técnicos desta xefatura territorial.

De acordo con todo o indicado e de conformidade co título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, propoño:

Conceder a autorización administrativa previa de peche definitivo das instalacións pertencentes á rede de distribución de enerxía eléctrica de BEGASA, de características enriba descritas e que se atopan recollidas no proxecto denominado DESMONTAJE DEL C.T. 2111 NOIS coas seguintes consideracións:

- De conformidade co establecido no artigo 138 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o peche definitivo de instalacións solicitado por BEGASA implicará o seu desmantelamento e, considerando a planificación proposta, disporá para a súa execución do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción da presente resolución.

- De conformidade co artigo 155 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o desmantelamento de instalacións de distribución de enerxía eléctrica comporta a extinción da servidume de paso de enerxía eléctrica, de tal xeito que BEGASA deberá comunicar esta circunstancia aos afectados pola dita servidume, se os houber.

- Tal e como dispón o artigo 139 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, o remate das operacións recollidas no protocolo de desconexión e desmantelamento do CT 2111 Nois debe ser comunicado a esta xefatura territorial solicitando a preceptiva acta de peche de instalacións, e xuntarse á dita solicitude o certificado do director de obra en que se garantirá o cumprimento das especificacións do proxecto e prescricións complementarias, se as houber, así como da regulamentación e normas que sexan de aplicación como é a do tratamento dos residuos que se poidan xerar.

- Obtida a acta de peche das instalacións, BEGASA ten a obriga de comunicalo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tal e como dispón o artigo 31 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

- En cumprimento do establecido no artigo 138.3, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, a resolución deberá ser publicada no DOG e no BOP.

- A presente autorización outórgase sen prexuízo doutras que fosen de aplicación segundo a lexislación vixente, en especial as relativas á ordenación do territorio e o ambiente.

Contra esta resolución que non é definitiva en vía administrativa poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ante o vicepresidente segundo e concelleiro de Economía, Empresa e Innovación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da citada Lei 39/2015, sen prexuízo de que os interesados poidan promover calquera outra acción que consideren pertinente para a defensa dos seus intereses.

Lugo, 20 de abril de 2020.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1122

Anuncio

Resolución do 20 de abril de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Cervo. (Expediente IN407A 2020-71AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "SOTERRAMIENTO DE L.A.T. EN EL CASCO URBANO DE CERVO"
- Situación: concello de Cervo

- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20202984 en data 11 de novembro de 2020..

- Características técnicas principais:

- Liña soterrada de alta tensión Espiñeirido 1 a 20kV, con orixe nunha arqueta existente da LAT Espiñeirido 1 (punto 6, plano n.º 4 do presente proxecto), na cal se executa un empalme entre o condutor soterrado existente que provén da OCR Espiñeirido e o condutor proxectado e final nun paso aéreo a soterrado no apoio 13 (A62227), cunha lonxitude de 450 metros en condutor RHZ1-150.
- Liña soterrada de alta tensión Espiñeirido 2 a 20kV, con orixe na LAT Espiñeirido 2 (punto 1, plano nº4 do presente proxecto) e final no CT G. Escolar(1529), cunha lonxitude de 70 metros en condutor recuperado en obra tipo RHZ1-240.
- Liña soterrada de alta tensión a 20kV, con orixe no CT G. Escolar(1529) e final no CT Bidueira(1482), cunha lonxitude de 450 metros en condutor RHZ1-240.
- Liña soterrada de alta tensión a 20kV, con orixe no CT Bidueira(1482) e final no CT Viv. Soc Cervo(13614), cunha lonxitude de 440 metros en condutor RHZ1-240.
- Liña soterrada de alta tensión a 20kV, con orixe no CT Viv. Soc. Cervo(13614) e final nunha arqueta (punto 5, plano n.º 4 do presente proxecto) na que se realiza un empalme entre o condutor proxectado dende o CT Viv. Soc. Cervo e o condutor existente con dirección OCR Espiñeirido, cunha lonxitude de 560 metros en condutor RHZ1-240.
- Adecuación do CT non prefabricado Viviendas Sociales Cervo (CD 13614), cunha potencia proxectada de 630kVA e unha potencia instalada de 250kVA, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, realización de pontes CT-MT e CT-BT, instalación de novo cadro de BT e ampliación e desmontaxe de celas e cadros de BT existentes, relación de transformación 20.000/400-230V.

- Finalidade da instalación : mellora subministro

- Orzamento: 90.805,48 €

- Documentación complementaria:

- Separata para o Concello de Cervo
- Separata para a Deputación Provincial de Lugo.
- Separata para Augas de Galicia.
- Separata para a Consellería de Cultura

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 20 de abril de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1123

CONCELLOS

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 24 de marzo de 2021, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2021).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2021).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 22 de abril de 2021.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1124

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 18/03/2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 3/2021 do orzamento xeral do Concello de 2021. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 25/03/2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	788.983,60
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.241.346,42
Capítulo III	Gastos Financeiros	478,56

Capítulo IV	Transferencias Correntes	42.400,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	3.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	980.772,67
Capítulo VII	Transferencias de Capital	25.000,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.600,00

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	583.417,65
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	297.502,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.192.898,24
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	435.552,33
Capítulo VIII	Activos financeiros	548.331,62
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 21 de abril de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1125

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 2798/2021 DO 13/04/2021

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 8 de xullo de 2020 adoptou o acordo 9/286 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2020, e no seu anexo, figuran entre outras, as seguintes prazas:

“2 prazas de TÉCNICO/A MEDIO, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, A2. 1 praza reservada a quenda de persoas con discapacidade.”

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 181, do 8 de agosto de 2020, e DOG número 201, do 5 de outubro de 2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dez de marzo de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 5/126 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020).

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Técnico de Xestión da Escala de Administración Xeral, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de

acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/126 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 10.03.2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- OBXECTO.-

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a **dúas prazas de TÉCNICO DE XESTIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, **unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade**, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

As e os aspirantes para cubrir as prazas obxecto desta convocatoria só poderán participar nunha das quendas: quenda de acceso libre ordinario ou quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade. Se da instancia presentada non se deduce a súa opción, será excluída/o nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídas/os. Tras a publicación da lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, non se permitirá ningún cambio de quenda ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

Se algunha/algún aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza e a súa puntuación é superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso ordinario, será incluída/o pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

a) Denominación das prazas: Técnico Medio

b) Grupo A (Subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración xeral

- Subescala: de Xestión

3º.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Enxeñeiro/a técnico, Diplomado/a universitario/a, Arquitecto/a técnico ou Título universitario de grao ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcadesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia auténtica da titulación esixida.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose

que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e Prezos Públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

- c) No caso de persoas que accedan á praza reservada a persoas con discapacidade e concorran pola quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade, deberán acompañarlle á súa solicitude a certificación do órgano competente que acredite a súa condición de persoa con discapacidade, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As persoas con discapacidade que, con xustificación suficiente, o fagan constar na súa solicitude, poderán obter as adaptacións necesarias de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios. Para iso deberán facer constar na solicitude o grao de discapacidade e o tipo de adaptación solicitada.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario, de forma que as e os aspirantes que solicitaran adaptacións de tempo e/ou medios na forma prevista no apartado anterior, gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

O tribunal cualificador aprobará unha relación comprensiva das e dos aspirantes que, sendo admitidos, solicitaran adaptacións, indicando unicamente para cada unha/un deles a adaptación concedida ou, se é o caso, as razóns da denegación.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas de todas as quendas convocadas. Na dita resolución constará a identidade das e dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

As/Os aspirantes excluídas/os dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os que se publicarán no BOP.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 90 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de tres horas. Cada tema será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada unha das partes para poder establecer a media do segundo exercicio.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que consistirá en realizar un ou varios supostos prácticos, durante un período máximo de tres horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste terceiro exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PRIMEIRA PARTE: DEREITO ADMINISTRATIVO XERAL.

1. A Unión Europea: orixe e evolución. Institucións e Organismos da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. A Unión Económica e Monetaria.
2. O Ordenamento xurídico administrativo. O dereito comunitario. O dereito administrativo: concepto e contidos. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais. O regulamento: concepto e clases.
3. A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. Potestades regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.
4. Os principios da organización administrativa: a competencia e as súas técnicas de traslación. A xerarquía, a coordinación e o control. Conflito de atribucións.
5. Os principios de actuación das Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
6. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A forma e a motivación. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade.
7. A eficacia dos actos administrativos. O principio de autotutela declarativa. O principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A vía de feito.
8. A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación.
9. A iniciación do procedemento. Presentación de solicitudes, escritos e comunicación. Os rexistros administrativos. A adopción de medidas provisionais. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.
10. Ordenación do procedemento. A instrución: as súas fases. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.
11. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa. A terminación convencional. O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. O réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.
12. Os contratos do sector público: as directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados.
13. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.
14. As partes nos contratos do sector público. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoa do contratista. Os órganos de contratación. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.
15. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións Públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
16. Adxudicación dos contratos das Administracións Públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación. O perfil do contratante. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.
17. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración Pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

SEGUNDA PARTE: DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL.

18. A organización municipal nos municipios de réxime común. Órganos necesarios: o/a Alcalde/sa, os/as Tenentes/as de Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Atribucións e delegacións. Especialidades do réxime orgánico funcional dos municipios de gran poboación.
19. Os órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos: composición, organización, financiamento e función. A participación veciñal na xestión municipal.
20. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e distintas das propias. Os servizos mínimos.
21. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos/as concelleiros/as e alcaldes/as. O recurso contencioso electoral.
22. Réxime de sesións e acordos dos órganos de Goberno local: convocatoria, desenvolvemento e adopción de acordos. As Actas. A utilización de medios telemáticos. O Libro de resolucións.
23. A fase de control do goberno municipal nas sesións. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O estatuto dos membros electos das Corporacións Locais. Os/as concelleiros/as non adscritos/as.
24. A información e participación cidadá. A iniciativa popular. A consulta popular.
25. Os dereitos constitucionais dos/as empregados/as públicos/as. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións Públicas. Políticas dirixidas á atención a persoas con discapacidade e/ou dependentes.
26. Os empregados públicos locais: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: plantilla e relación de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego público, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.
27. A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios públicos. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. O réxime da seguridade social. Dereitos de exercicio colectivo. Sindicación e representación. A negociación colectiva.
28. Deberes dos funcionarios públicos. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades.
29. O contrato de traballo: partes. Capacidade de contratar. Contido. As prestacións do traballador e do empresario. Modalidades do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral
30. Dereitos e deberes laborais. O salario: concepto e natureza xurídica. Clases de salarios. A xornada de traballo.
31. As formas de acción administrativa das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: as súas clases. O réxime de licenzas. A comunicación e a declaración responsable. A actividade de fomento na esfera local.
32. A iniciativa económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.
33. O patrimonio das entidades locais: bens e dereitos que o conforman. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Os bens comunais. Os montes veciñais en man común.
34. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario. Administración, disfrute e aproveitamento dos bens. A enaxenación. A acción de desahucio. Aspectos rexistrals.
35. A intervención na edificación e uso do solo: Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Actos suxeitos e exentos e o seu réxime xurídico.
36. As ordes de execución. Deberes de conservación e réxime da declaración de ruína.
37. Intervención municipal no comercio e actividades de servizo. A venta ambulante. A intervención municipal en espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.
38. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen licenza ou comunicación previa en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ao título. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa. Particularidades da protección da legalidade en solo rústico e en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Suspensión e revisión de licenzas. As declaracións de ineficacia. Infraccións e sancións urbanísticas.

TERCEIRA PARTE: DEREITO FINANCIERO.

39. A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.
40. A execución do orzamento de gastos e ingresos: as súas fases. Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gastos.

41. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesouraría: concepto e cálculo
42. A tesourería das entidades locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización dos pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento. O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.
43. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e da regra do gasto para as Corporacións Locais: establecemento e consecuencias do seu incumprimento. Os plans económicos financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministro de información financeira das entidades locais.
44. Os recursos das Facendas locais: enumeración dos recursos dos municipios. Especial referencia aos tributos locais. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento dos recursos non tributarios.
45. A xestión, inspección e recadación dos recursos das facendas locais. Os ingresos indebidos. A recadación en período voluntario e executivo. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas entidades locais.
46. Taxas e prezos públicos. Principais diferenzas. As contribucións especiais: anticipo e aprazamento de cotas e colaboración cidadá.
47. Imposto sobre bens inmobles. O Imposto sobre actividades económicas.
48. O Imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

9º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

R. 1126

MONTERROSO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA.

Posto da Convocatoria: Traballador/a social.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria para cada unha das categorías.

Sistema de selección: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello e na web www.monterroso.es.

Monterroso, 22 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1128

PALAS DE REI*Anuncio*

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS VINCULADOS A PROGRAMAS FINANCIADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COFINANCIADORA: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

CONVENIO OU PROGRAMA: Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021

PUBLICACIÓN DO PROGRAMA OU CONVENIO: BOP nº 8 de data 12/01/2021

BASES DA CONVOCATORIA**1. Obxecto**

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 14 Peóns de Obras Públicas, de acordo coas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

A convocatoria realízase ao abeiro do Programa de: “Gastos correntes derivados da situación de emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19): Plan Reactivación do Emprego”, subvencionado pola Deputación provincial de Lugo ao abeiro do mencionado Plan, que foi aprobado por acordo do Pleno, en sesión ordinaria, celebrado o 30/03/2021.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Peón Obras Públicas
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Concellería de Obras.
Categoría profesional	Grupo 10
Titulación esixible	- Estar en posesión do Graduado Escolar ou equivalente, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias. - Estar en posesión do permiso de conducir B1
Sistema de selección	Concurso-oposición.
Núm. de Postos que se convocan	Catorce (14)
Funcións encomendadas	- Traballos en materia de medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos. - Traballos en materia de mantemento e conservación de infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal. - Traballos en materia de protección de salubridade pública.

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Duración	5 meses, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2021.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Media parcial (75%)
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	30 hora semanais.
Horario de traballo	Distribuirase dependendo das necesidades do servizo.
Condicións especiais da xornada ou horario	O traballo poderá realizarse en xornada de mañá ou tarde, de luns a venres, debendo de coordinarse con outros traballadores se fose necesario.
Retribución bruta incluído o prorrateo das extras	850,00 €/mensuais

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Estar en posesión dalgunha das titulacións esixibles, ou en condición de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei, na súa sede electrónica.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección

concellopalas@gmail.com, un resguardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso "Peón Obras Públicas (Covid-19)".

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na Páxina Web do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na páxina web do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Cando o sistema fora o de concurso oposición (proba práctica), soamente se valorarán os méritos da fase de concurso dos aspirantes que superasen a fase de oposición (proba práctica).

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán propostos polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

1º. Fase de oposición (Puntuación máxima 6 puntos).

A fase de oposición consistirá na realización dunha o varias probas prácticas:

Desenvolvemento da proba ou probas :

- 1) Comprobación de **coñecementos prácticos**, a determinar pola Comisión Técnica de Selección, relacionados co desenvolvemento do posto de traballo.
- 2) Encomendarase a realización dunha tarefa ordinaria correspondente as funcións que anteriormente descritas respecto do posto de traballo. Poderán requirirse explicacións teóricas en relación coa execución da tarefa proposta.

Criterios de valoración:

- Preparación e coñecemento das ferramentas, utensilios ou maquinaria a empregar
- Dilixencia e axilidade na execución da tarefa
- Limpeza na execución e no remate
- Coñecemento e uso das medidas de prevención e seguridade.

2º. Fase de concurso (Ata 4 puntos):

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso, na que os/as aspirantes poderán acadar ata un máximo de 4 puntos. Nesta fase, serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional:

Experiencia, acreditada documentalmente, como peón de obras públicas ou similar. Ata 2 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados ou fracción superior a quince días en calquera Administración pública no mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados ou fracción superior a quince días en calquera Administración pública nun posto de traballo similar ao que aspira: 0,10 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados ou fracción superior a quince días en empresas privadas en igual posto ou similar ao que aspira: 0,05 puntos.

b) Formación:

Formación específica (cursos, xornadas, etc) debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida polas administracións públicas ou polas institucións e entidades homologadas. Ata 2 puntos.

Relacionado coas funcións a desempeñar:

- Cursos de 100 a 200 horas: 0,25 puntos
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos.
- Cursos, de 10 a 49 horas: 0,10 puntos.
- Xornadas, etc. de menos de 10 h ou nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

No caso de existir empate na puntuación final dos/as aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade, a obtención da nota máis alta no exercicio da oposición ou proba práctica e, de continuar o empate, terase en conta o de maior puntuación no campo da experiencia.

Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

6.7. Chamamentos.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola Comisión Técnica de Selección.

En calquera momento a Comisión de Selección poderá requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa personalidade.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

6.8. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no exercicio da fase de oposición ou proba práctica mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización da proba ou probas prácticas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

7. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de oposición e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

8. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

Anexo I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR A PRAZA QUE SE RELACIONA.

SUBVENCIÓN VINCULADA: Programa de “Gastos correntes derivados da situación de emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19): Plan Reactivación do Emprego”, subvencionado pola Deputación provincial de Lugo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, que foi aprobado por acordo do Pleno, en sesión ordinaria, celebrado o 30/03/2021.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA
PEÓN OBRAS PÚBLICAS (COVID-19)

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES (6.1)

- Copia do DNI ou pasaporte
- Graduado escolar ou equivalente.
- Permiso de conducir B1.
- Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga 2, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Base 6.6.-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

<ol style="list-style-type: none"> 1. 2. 3. 4. (...) <p>(Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse).</p> <p>Engade follas adxuntas á relación de méritos? <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON (marcar con X)</p> <p>Nº de follas engadidas: ____.</p>
--

-----, __ de ----- de 2021

Palas de Rei, 22 de abril de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1129

QUIROGA

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente: nº 121/2021

Procedemento: Convocatoria nomeamento funcionarios interino para posto reservado a persoal funcionario de administración local con habilitación nacional. Subescala secretaría-intervención do Concello de Quiroga

Asunto: Resolución aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos do proceso selectivo de provisión interina do posto de funcionario da administración local con habilitación nacional, subescala secretaría-intervención.

De conformidade coas bases reguladoras de selección de persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional (publicadas no B.O.P nº 076, de data 6 de abril de 2021, aprobadas xunto coa convocatoria por resolución da Alcaldía de data 30 de marzo de 2021 para a provisión, con carácter de interinidade, do posto reservado a persoal funcionario de administración local con habilitación nacional, subescala secretaría-intervención deste Concello e transcorrido o prazo de presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo, disposto na base sexta da convocatoria, en virtude do artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local,

esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos das citadas probas selectivas.

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

- D. JACOBO MOREIRA FERRO, DNI nº4294T.
- D^a. ANA BECEIRO RIVAS DNI nº5073W.
- D^a. MARIA LUISA CASTRO NÚÑEZ, DNI nº8764B.
- D. JONATAN JORGE GUILLE, DNI nº6789C
- D^a. MARIA ROSA ANTUÑA CARBALLE, DNI nº5064S

RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUIDOS

Non existen

SEGUNDO.- Conceder ás persoas interesadas, ao obxecto de poder emendar ou formular reclamacións, un prazo de 3 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Quiroga.

Concluído o referido prazo, resolveranse as alegacións emitidas e elevarase a definitiva a lista de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose a mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Quiroga xunto coa composición do Tribunal de selección e o lugar, data e hora do exercicio da fase de oposición.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do Concello de Quiroga e no portal institucional desta entidade local.

Quiroga, 22 de abril de 2021.- Alcalde-Presidente, Julio Alvarez Núñez.

R. 1130

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE CREACIÓN DE NOVA ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o 21 de abril de 2021 a creación da nova **“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso e utilización da pista de pádel**

municipal” deste Concello, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 21 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1131

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o 21 de abril de 2021 a nova **“Ordenanza fiscal reguladora da taxa de visita e acceso ó museo etnográfico José Rocha”** deste Concello, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 21 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1132

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de abril de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria na modalidade de suplemento de créditos con cargo a remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante dito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Trabada, 21 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1133

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO**

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de abril de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario con cargo a remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante dito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Trabada, 21 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1134

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO***Anuncio***DAVID SANTOS RIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,**

HAGO SABER: Que en el PROCEDIMIENTO ORDINARIO 941 /2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a ENELYS CISNEROS ACOSTA contra LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE SL, se ha dictado sentencia de fecha 16/12/2020, cuyo fallo dice:

“Que estimando la demanda formulada por D^{ÑA}. ENELYS CISNEROS ACOSTA contra la empresa LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE, S.L., debo condenar y condeno a la demandada a abonar a la demandante la cantidad de 5.248,21 euros, a la que será de aplicación un recargo por mora del 10% anual.- Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que no es firme, ya que contra la misma cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN para ante la SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA, debiendo en su caso, anunciar el propósito de hacerlo dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la misma, por conducto de este Juzgado, bastando para ello la mera manifestación de la parte o de su abogado o representante al hacerle la notificación de la sentencia, de su propósito de entablar el recurso, pudiendo también anunciarse el recurso por comparecencia o por escrito de las partes o de su abogado o representante ante este Juzgado y en el indicado plazo y, si fuese la empresa demandada quien lo hiciese, acreditando, al anunciar el recurso, haber consignado la cantidad objeto de la condena en la cuenta de “depósitos y consignaciones” abierta a nombre de este Juzgado de lo Social en la Entidad Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065094118, pudiendo sustituirse la consignación en metálico por el aseguramiento mediante aval bancario, en el que consta la responsabilidad solidaria del avalista. Asimismo, si fuera la empresa demandada quien intentase interponer el recurso de SUPPLICACIÓN, deberá consignar el depósito de 300,00 euros, en la cuenta corriente denominada “recurso de suplicación” que, con el núm. 2323000065094118 mantiene este Juzgado de lo Social en la misma Entidad Bancaria, debiendo el recurrente entregar en la Secretaría del Juzgado el correspondiente resguardo al tiempo de interponer el recurso de suplicación.- Así por esta mí sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE SL, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a veintidós de abril de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1135

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES 158/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA AMELIA AIRA VILELO contra la EMP. “DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, S.L.” sobre DESPIDO, se ha dictado DECRETO de fecha 21-04-2021, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Acuerdo:

- a) Declarar al ejecutado EMP. “DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, S.L.” en situación de **INSOLVENCIA**, que se entenderá a todos los efectos como provisional.
- b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.
- c) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese esta resolución a las partes y al Fondo de Garantía Salarial, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LRJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS hábiles** siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LRJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324 en el BANCO SANTANDER debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo manda y firma Doña María de los Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a la EMP. “DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, S.L.”, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintiuno de abril de dos mil veintiuno.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1136